

# ANEXO I

## PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN LEGAL
3. ANÁLISE DO CONTEXTO E NECESIDADES DETECTADAS
4. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TUTORIAL NO CENTRO
5. COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA
6. BLOQUES DE CONTIDOS E ACTIVIDADES
7. FUNCIÓNS DO TITOR-A .
8. ÁMBITOS DA ACCIÓN TUTORIAL
  - 8.1 ATENCIÓN INDIVIDUAL E GRUPAL DO ALUMNADO
  - 8.2 COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE
  - 8.3 XEFATURA DE ESTUDOS E ACCIÓN TUTORIAL
  - 8.4 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TUTORIAL
  - 8.5 COORDINACIÓN COAS FAMILIAS
9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN
10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL.
- 13. ANEXOS**
  - 13.1. PROPOSTA DE TEMPORALIZACIÓN EN E. INFANTIL
  - 13.2. PROPOSTA DE TEMPORALIZACIÓN EN E. PRIMARIA
  - 13.3 PROPOSTA DE TEMPORALIZACIÓN EN E. SECUNDARIA
  - 13.4 ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2015-2020
  - 13.5 I PLAN DE ACTUACIÓNS PARA IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA 2016/2020
  - 13.6 PLAN PROXECTA

## 1. INTRODUCCIÓN

A acción tutorial está intrinsecamente vinculada á **función docente**, converténdose a titoría no **eixo da función orientadora**, ó entender a orientación como o **acompañamento** e o **asesoramento** do alumnado ó longo do período escolar como un **proceso continuo** e dirixido ó desenvolvemento integral de todo o alumnado e a todos os niveis.

Partindo disto, entendemos que os profesorado non só impartimos coñecementos nos aspectos puramente académicos senón que tamén incidimos no proceso educativo global dos nosos alumnos/ as, como persoas que se atopan inmersas nuns grupos sociais determinados, con características persoais diferenciadas e heteroxéneas que é necesario coñecer, valorar e mellorar: actitudes, motivación, autoconcepción, priorización de valores, etc.

A función tutorial debe asegurar que os alumnos do noso centro reciben unha educación integral e personalizada. O titor/a guía e orienta en momentos críticos ou de especial dificultade tanto en problemas relativos á aprendizaxe, como persoais ou sociais.

Por todo iso, consideramos necesario realizar desde todo o centro unha tarefa coherente e sistemática desde o inicio da escolaridade ata o final da mesma abordando aspectos de mellora persoal e social.

O **Plan de Acción Tutorial** constitúese como elemento vertebrador da acción tutorial a fin de que a titoría forme parte da función docente. O **PAT** responde a unha planificación da acción tutorial, que se vai desenvolver no noso centro a partir das directrices da **CCP**, que será elaborado polo **DO** e coordinado pola **XE** e desenvolvido polo conxunto do **equipo docente** coa coa intervención directa dos **titores e titoras**.

O **PAT** que se elabora defínese polas seguintes **características**: *planificado* conforme a uns criterios previamente establecidos na **CCP**, *continuo*, *coordinado* debemos asumilo como un elemento da función docente e como un traballo en equipo, e non só dos titores/as, cun *carácter preventivo* que debe responder ás

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

necesidades do centro en xeral e do alumnado en particular, *flexible* que nos permita incorporar obxectivos, actividades, contidos ó longo do curso coa finalidade de responder as necesidades que vaian xurdindo e finalmente *avaliabile*, co obxecto de valorar os logros acadados, así como os elementos que deben ser modificados.

Finalmente sinalar que para a elaboración do presente **Plan de Acción Tutorial** tivéronse presente, por unha banda os principios, obxectivos e valores recolleitos no noso **Proxecto Educativo**, e doutra banda as características do noso alumnado, por todo isto o PAT do noso centro constitúe un instrumento valioso e necesario para a consecución dos obxectivos do noso PEC.

## **2. XUSTIFICACIÓN LEGAL**

Sustentamos o noso Plan de Acción Tutorial na lexislación vixente que a continuación desenvolvemos:

*LOE, Lei 2/2006 do 3 de maio de Educación e LOMCE, Lei 3/2013 para a Mellora da Calidade Educativa:*

No seu **Capítulo I** referido ós **principios e fins da Educación:**

Artigo 1: “A orientación dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizadsa, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.”

Artigo 2: “O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos/as.”

No **Título II, Capítulo I, funcións do profesorado:**

Artigo 91: “A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas súas familias”.

No **Título V, Capítulo II, Artigo 121. Proxecto Educativo:**

“Devandito proxecto, que deberá ter en conta as características da contorna social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a

*acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos”*

**Artigo 125.** *Programación xeral anual. “Os centros educativos elaborarán ao principio de cada curso unha programación xeral anual que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación acordados e aprobados”.*

**DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro,** *polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios.*

### **Capítulo V, Titores**

**Artigo 31º.-Ámbito.** *“A función titorial e orientación dos alumnos e alumnas, que forma parte da función docente, desenvolverase ao longo de todas as etapas e ciclos.”*

*“Cada grupo de alumnos terá un titor. As titorías serán designadas polo director, a proposta dos xefes de estudos, oído o xefe do departamento de orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaia no profesor con maior número de horas de docencia no grupo.”*

**Artigo 32º.-Funcións.**

### **3. ANÁLISE DO CONTEXTO E NECESIDADES DETECTADAS**

O centro atópase no concello de Mesía (entorno rural), situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña. O concello de Mesía conta cunha poboación de 2700 habitantes segundo o último censo (2016). O núcleo máis poboado de todo o Concello é Visantoña. O centro administrativo é Xanceda.

A actividade económica do Concello de Mesía está dominada polo sector primario e é o subsector pecuario o que marca as pautas paisaxísticas e do aproveitamento. A principal economía deste concello é a gandería. Con máis de 354 explotacións agropecuarias censadas.

As principais industrias deste concello son as industrias cerámicas, que explotan un abundante recurso que existe na zona, o barro, e dedícanse á fabricación de tella curva e de ladrillo.

A actividade económica do concello completaría cunha serie de pequenas e medianas empresas, entre as que cabe salientar as dedicadas á fabricación de mobles, estruturas metálicas, elaboración de pan e repostería, derivados lácteos e outras pertencentes ao sector servizos.

A casa do Concello está situada no "Campo das Mentiras", na parroquia de Xanceda. É a institución encargada do mantemento do Centro. O Concello conta con Biblioteca Municipal, a través da que se realizan cursos de animación á lectura, informática, teatro, Aula Informática, Auditorio e ten contacto permanente co centro para a realización de actividades. A meirande parte da poboación emprega como lingua de comunicación o galego.

O centro está situado na parroquia de Xanceda, no concello de Mesía. É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes ós Concellos de Mesía (na maioría) e Frades, desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º da ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas e Visantoña.

É un centro de 11 unidades que corresponden a:

- *1 unidade de Educación Infantil.*
- *6 unidades de Educación Primaria.*
- *4 unidades de Educación Secundaria.*

Finalmente engadir que o centro participa nos seguintes programas:

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- **PLAMBE**
- **Proxecto de Normalización Lingüística**
- **Contratos-programa**
- **Plan Proxecta**

**Feita esta breve contextualización** do centro a continuación expóñense as necesidades detectadas que xustifican as liñas de actuación que van marcar a Acción Titorial no noso centro.

As necesidades educativas ás que se responderá con este plan de acción tutorial ó longo do curso académico serán as seguintes:

**Identícanse necesidades** que atenden as seguintes dimensións: educativa, persoal, social, emocional e vocacional.

<b>DIMENSIÓN PERSOAL:</b>	- Autocoñecemento - Actitudes - Motivación e intereses - Aptitudes - Rendemento
<b>DIMENSIÓN EDUCATIVA:</b>	- Técnicas de Estudio - Organización de tempos - Organización do estudio
<b>DIMENSIÓN SOCIAL:</b>	- Integración no grupo-clase - Establecemento de normas - Dereitos e deberes - Reparto de responsabilidades - Habilidades Sociais

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Resolución de conflitos</li> <li>-Prevención Violencia de Xénero</li> <li>-Prevención Acoso Escolar</li> </ul>
<b>DIMENSIÓN EMOCIONAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Autoestima</li> <li>-Expresión de emocións</li> <li>-Empatía</li> <li>- Educación Afectivo-Sexual</li> </ul>
<b>DIMENSIÓN VOCACIONAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autocoñecemento</li> <li>-Coñecemento das oportunidades/alternativas académicas e profesionais.</li> <li>- Proceso de Toma de Decisións.</li> </ul>

<b>En relación ó profesorado:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinación</li> <li>-Establecemento de criterios de avaliación.</li> <li>-Deseño e planificación conxunta.</li> <li>- Segueamento do proceso de E-A do alumnado.</li> </ul>
<b>En relación ás familias:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Necesidade de colaborar a nivel educativo, informativo e formativo.</li> </ul>

*As necesidades detectadas traballaranse partindo das seguintes cuestións:*

- **FORMAR:** crear unhas condicións favorables, dentro do contexto educativo, para que poida darse un crecemento e maduración das aptitudes, actitudes e destrezas de todos e cada un dos alumnos/as, posibilitando neles, mediante o estímulo



adecuado e a acción programada e planificada, o maior desenvolvemento posible das distintas facetas que configuran a personalidade global do educando.

- **INFORMAR:** ós propios alumnos/as , familias e profesorado das posibilidades e limitacións reais e plurais das características do propio alumno/a, tomando conciencia delas e procurando ofertar alternativas, prever causas, consecuencias, vantaxes e inconvenientes en situacións concretas.
- **PREVIR:** adiantarse ás situacións de risco ou posible aparición de problemas, tanto psicoevolutivos como sociais e de aprendizaxe, para que isto non afecte negativamente á evolución do alumno.
- **AXUDAR A DECIDIR:** apoiándose no coñecemento de cada alumno axudarlle a saber elixir en por si, dunha forma realista e obxectiva, entr as opcións máis adecuadas ás súas características persoais.

#### **4. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL NO CENTRO**

##### **CON RESPETO Ó ALUMNADO:**

- Axudar ó desenvolvemento integral do alumnado realizando un seguimento personalizado durante o proceso de Ensino-Aprendizaxe a través das titorías e das coordinacións entre os Departamentos Didácticos, os titores, a Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación.
- Axustar o ensino ás características individuais, referida a persoas coas súas aptitudes e intereses diferenciados, proveitalas e enriquecelas, previndo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, situacións indesexables como os de fracaso e inadaptación escolar.
- Axustar o labor educativo e tutorial ós diferentes intereses e capacidades dos alumnos/ as facilitando para iso os recursos e estratexias precisas.
- Contribuír ó desenvolvemento da socialización, ensinando a convivir de maneira pacífica e satisfactoria e educando en destrezas e habilidades sociais para a convivencia, previndo e anticipándose a condutas problemáticas que puidesen xurdir.
- Conseguir que os alumnos se coñezan a si mesmos ( autoconcepto, intereses, etc.)

## **PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CPI DE XANCEDA 2018/2019**

as súas posibilidades e limitacións a través dunha acción tutorial deseñada para tal efecto, e como un medio máis de compensación de desigualdades individuais.

- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e a contorna social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan exporse.

### **CON RESPETO Ó PROFESORADO:**

- Contribuír á coordinación entre o equipo docente unificando criterios comúns de actuación, nas distintas sesións de reunión.
- Facilitar o seguemento do proceso de E-A do alumnado aportando información de cada materia para unha mellor atención do alumnado.
- Manter unha comunicación fluída e sistemática coas familias facilitando para iso os medios e as accións tutoriales capacitadas para un desenvolvemento formativo adecuado.

### **CON RESPETO ÁS FAMILIAS:**

- Unificar criterios para realizar a acción tutorial.
- Establecer criterios consensuados sobre modelos de rexistro para a coordinación entre todos os profesionais que interveñen cun alumno en concreto.
- Recoller e transmitir suxestións.
- Potenciar e organizar actividades máis xerais, que impliquen a todo o centro.

### **CON RESPETO ÁS FAMILIAS:**

- Favorecer a colaboración coas familias establecendo mecanismos de coordinación durante a primeira reunión colectiva coas mesmas.
- Contribuír ó proceso de maduración vocacional dos seus fillos e fillas facilitando orientacións puntuais sobre o futuro académico dos seus fillos.
- Realizar seguimento das familias de alumnos con problemas de aprendizaxe e/ou de comportamento, en coordinación con tódolos profesionais implicados.

## 5. COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA

As actuacións que se van describir atenderán ó desenvolvemento das seguintes competencias:

- ➔ **Aprender a aprender.** É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
- ➔ **Competencias sociais e cívicas.** Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
- ➔ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.** Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

## 6. BLOQUES DE CONTIDOS E ACTIVIDADES

É importante partir da concepción de que a hora semanal de titoría non é unha materia máis do currículo, no caso de ESO que así está recollida no horario do alumnado, senón que máis ben é un espazo para a análise e a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe, sobre a dinámica do propio grupo, sobre o funcionamento do centro, sobre a participación do alumnado na dinámica escolar, sobre o desenvolvemento persoal e emocional e sobre o futuro académico e profesional do alumnado.

No caso de Educación Infantil e Primaria aínda que non ten unha hora marcada no horario dos alumnos e alumnas constitúese tamén como un espazo para atender os aspectos anteriormente indicados, cobrando uns maior relevancia que outros tendo en conta o momento evolutivo no que se atopan os nenos e nenas desta etapa educativa.

A acción tutorial **estruturarase en seis bloques principais**, atendendo as dimensións que se recollían no terceiro epígrafe.

- 1. A acollida ó comezo do curso de cada alumno/a no grupo e no centro.**
- 2. Organización do grupo e fomento da participación do alumnado no seu grupo e na vida do centro.**
- 3. O seguimento e a coordinación do proceso de avaliación**
- 4. O seguimento do desenvolvemento social e emocional.**
- 5. A orientación e apoio do proceso de E-A**
- 6. A orientación académica e profesional**

As actuacións que deseguido se expoñen serán desenvolvidas polo titor/a, entendido como o primeiro nivel de orientación, en colaboración co Departamento de Orientación e noutras actuacións máis específicas contarase coa participación de axentes externos ó centro expertos na materia a traballar.

### **LÍÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN POR ETAPAS/CURSOS**

#### **INFANTIL**

##### **Adaptación do alumno/a ó seu grupo e ó centro (principio de curso)**

1. Facilitar en todo o posible a adaptación dos novos alumnos/as á nosa escola, seguindo as directrices do Plan de acollida.
2. Coñecemento das normas por todos/as como factores que van mellorar a convivencia.
3. Elección de encargados/as de xeito rotativo.
4. Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social do alumnado.
5. Desenvolvemento da autoestima e habilidades básicas.
6. Desenvolver valores para favorecer a igualdade entre nenos e nenas, co fin de erradicar estereotipos que fomentan a violencia e a desigualdade de xénero.

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Facilitar en todo o posible a adaptación dos novos alumnos/as á nosa escola, seguindo as directrices do Plan de acollida.
2. Coñecemento das normas por todos/as como factores que van mellorar a convivencia.
3. Elixir delegado/a e codelegado/a en asemblea, para todo o curso en 5º e 6º de Ed. Primaria, no resto de curso elíxese responsable da aula establecendo os criterios por parte de cadda titor/a.
4. Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social do alumnado.
5. Traballar estratexias necesarias para a resolución de conflitos.
6. Desenvolvemento da autoestima e habilidades básicas.
7. Traballar técnicas de estudo ou habilidades de pensamento (Aprender a Aprender).
8. Proporcionar ó alumnado información obxectiva e precisa sobre as diferentes opcións académicas e, no seu caso, profesionais que se abren en función de cada situación educativa (especialmente 5º e 6º E.P)
9. Desenvolver valores para favorecer a igualdade entre nenos e nenas, co fin de erradicar estereotipos que fomentan a violencia e a desigualdade de xénero.

### **ESO**

1. Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no centro.
2. Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social do alumnado.
3. Elixir delegado/a e codelegado/ para todo o curso.
4. Coñecer as características fundamentais da nova etapa: avaliación, promoción, etc.
5. Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
6. Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
7. Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas materias: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal.
8. Prevención e resolución de conflitos.

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

9. Desenvolver valores para favorecer a igualdade entre nenos e nenas, co fin de erradicar estereotipos que fomentan a violencia e a desigualdade de xénero.
10. Desenvolver hábitos de traballo e técnicas de traballo intelectual
11. Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas áreas
12. Orientar ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
13. Realizar o seguimento dos alumnos con materias pendentes apoiando as medidas de recuperación

**ACTUACIÓNS ATENDENDO Ó BLOQUE DE CONTIDOS**

**Bloque 1: Acollida e integración do alumnado no grupo**

A acción tutorial neste bloque atenderá:

- ➔ Favorecer o coñecemento mutuo dos membros do grupo.
- ➔ Facilitar o coñecemento do funcionamento do centro e do conxunto da dinámica escolar
- ➔ Espertar expectativas positivas no alumnado cara ó curso e cara ó centro
- ➔ Prevención e resolución de conflitos no centro en xeral e na aula en particular.

*A través de actividades tales como:*

***CON RESPECTO Ó ALUMNADO***

- A comezos de curso o titor/a realizará unha sesión de acollida co seu grupo na que se proporcionará ó alumnado información sobre calendario escolar, horario, profesorado do grupo, calendario de avaliacións, aulas, etc Nesta reunión no caso da Etapa de Educación Infantil a titora informará ás familias da importancia do período de adaptación no caso dos alumnos e alumnas de 3º anos; na cal se informará ás familias do calendario e procedemento de dita adaptación.
- Todo o profesorado do grupo contribuirá á acción tutorial realizando actividades específicas de acollida nas respectivas áreas e materias: presentación ó alumnado, información sobre os obxectivos e contidos da área/materia, metodoloxía, sistemas de avaliación, mínimos esixibles, etc.

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- Presentación do Departamento de Orientación a cada grupo-clase, informando das súas funcións e dos mecanismos de asesoramento, horarios...
- No primeiro mes de curso realizaranse actividades específicas dirixidas a facilitar o coñecemento mutuo entre os alumnos/as e entre estes e o titor/a e a iniciar a creación dun grupo unido e cohesionado a través diferentes técnicas grupales.
- O titora/a facilitará información pertinente relativa á organización e funcionamento do centro: organigrama de goberno, órganos de coordinación docente, Xunta de Delegados, Proxecto educativo, etc.
- Os alumnos/as de 1 EP E 1º curso de ESO recibirán ademais información específica sobre as características da etapa educativa que inician: finalidades, carácter da avaliación, etc.
- Os alumnos que se incorporan por primeira vez ó centro nun grupo xa constituído (por traslado, repetidores...)alumnado das Escolas Unitarias serán obxecto dunha atención especial co fin de previr posibles problemas de integración e/ou adaptación.
- Todo o profesorado colaborará na acollida dos alumnos do grupo interesándose por coñecer a cada un deles un prazo breve de tempo.

***CON RESPETO Ó PROFESORADO:***

- *Por* parte do equipo directivo informar ó profesorado sustituto e de novo ingreso da dinámica xeral do centro.
- Informar das NORF do centro, Plan de Convivencia.
- Establecer pautas de coordinación entre o equipo docente de cada curso en particular e de cada etapa en xeral.
- Informar por parte do Departamento de Orientación do alumnado con NEAE.
- Contribuir a que o conxunto do profesorado asuma a titoría como acción inherente a figura docente e non exclusiva da figura do titor/a.

**CON RESPECTO Ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E TITORES/AS**

- Establecer pautas de coordinación para facer seguemento do grupo en canto a: integración e participación do alumnado na vida do centro en xeral e do seu grupo en particular, dificultades no proceso de E-A, prevención e resolución de conflitos...

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- Establecer cronograma das actuación a desenvolver por trimestre, sendo susceptibles de modificacións atendendo ás necesidades do grupo.
- Ofrecer recursos web e material de interese para traballar nas sesións de tutoría.
- Realizar un seguemento do grupo na hora de reunión semanal dos titores/as coa xefatura do Departamento de Orientación.( proposta para o vindeiro curso)

**CON RESPECTO ÁS FAMILIAS:**

A inicios de curso cada titor/a terá unha reunión coas familias nas que se informe das características máis relevantes do curso que inicia o seu fillo/filla; horario de atencións nais e pais; NORF;

Esta reunión complementarse con outra reunión convocada polo equipo directivo para tódalas familias nas que se presente o profesorado, titores/de cada grupo, membros do equipo directivo, departamento de orientación, as normas do centro, horarios de atención a nais e pais...

**Bloque 2: Organización do grupo e fomento da participación do alumnado no seu grupo e na vida do centro.**

A acción titorial neste bloque irá orientada a:

- Implicar ó alumnado na boa marcha do grupo e no bo funcionamento do centro.
- Definir e manter unhas normas básicas de convivencia e funcionamento interno do grupo que sexan asumidas por todos para favorecer a implicación do alumnado no seu cumprimento.
- Velar polo mantemento dunha relación de respecto entre os alumnos e alumnas evitando actitudes discriminatorias.
- Organizar e realizar a elección dos representantes do grupo (encargados/as de aula, codelegado/a, ...)
- Implicar ó grupo na participación democrática na vida do centro e darlles a coñecer as canles previstas para a devandita participación ( Consello Escolar).

*A través de actividades tales como:*

- Dentro do primeiro mes do curso darase a coñecer ó alumnado os obxectivos e contidos do Plan de acción titorial previsto para o curso e as funcións



**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

do titor ou titora, estimularase a participación do alumnado en programación e realización das actividades e recolleranse as súas achegas e suxestións

- No primeiros mes de curso dedicarase polo menos dúas sesións ó estudo e análise e valoración sobre a normativa de Dereitos e Deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia do centro.
- Dentro do primeiro mes do curso organizarase a elección de coledelgado/a sendo imprescindible darlle a coñecer as funcións desta figura ó grupo antes de proceder a votación e posterior elección.
- Co fin de implicar ó alumnado na dinámica de funcionamento do grupo poderán designarse outros responsables con carácter rotatorio: luces, xanelas, lousa, etc,
- Dentro do primeiro trimestre realizaranse actividades específicas (xogos, simulacións, etc.) orientadas a que os alumnos aprendan a valorar a participación e o traballo cooperativo e a lograr un clima adecuado de convivencia en todos os cursos da etapa.
- Periodicamente, reservarase un tempo específico dentro da titoría grupal para analizar problemas de convivencia e aprendizaxe comúns no grupo de forma ordenada e serena e a través do diálogo.
- Para o desenvolvemento deste ámbito da acción tutorial resultará especialmente interesante a familiarización do titor/as coas técnicas de traballo grupal, a este respecto a orientadora facilitará asesoramento e material para o seu desenvolvemento. Da mesma maneira requirirase por parte do equipo docente en axeitado coñecemento das NORF co fin de establecer normas claras e concisas dentro de cada grupo clase atendendo as establecidas a nivel de centro.

**Bloque 3: O seguimento e a coordinación do proceso de avaliación.**

**Obxectivos:**

- Obter información pertinente sobre a evolución de cada alumno/a nas distintas áreas/materias e sobre as súas necesidades educativas para axudarlle a superar as dificultades.
- Reflexionar cos alumnos/as sobre as dificultades que van aparecendo nas distintas materias e formular propostas e peticións positivas para tentar superalas.

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- Detectar deficiencias no uso das técnicas de traballo intelectual e sensibilizar ó alumnado sobre a importancia do uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Mellorar a capacidade dos alumnos e alumnas para planificar o tempo e organizar o traballo de estudo persoal.
- Preparar ó alumnado para que afronte en condicións óptimas os procesos de avaliación.
- Manter un contacto periódico coas familias daqueles alumnos/as con maiores dificultades no proceso de E-A.
- Establecer criterios que asuma o conxunto do equipo docente á hora de facilitar información ás familias en relación ó desenvolvemento do proceso de E-A dos seus fillos e fillas.

*A través de actividades, tales como:*

- O alumnado que á vista dos resultados obtidos na primeira e segunda avaliación se atopen en situación de risco de non superar o curso serán obxecto dun seguimento especial. Manterase unha entrevista persoal coas familias para intercambiar información e favorecer compromisos que melloren a situación académica do alumno/a en cuestión.
- Desenvolverase un programa específico para a mellora das estratexias de aprendizaxe do alumnado.
- No primeiro curso da etapa será prioritario favorecer progresivamente hábitos axeitados de para o aproveitamento do tempo de traballo e estudo en casa.
- Todo o profesorado, baixo a coordinación da xefatura de estudos marcará criterios para establecer o reparto das datas dos exames e que esta situación non repercuta negativamente no éxito escolar do alumnado.
- Dentro do primeiro trimestre do curso desenvolveranse na hora semanal de titoría actividades específicas relacionadas coa mellora da motivación cara ó estudo: estudo de casos, cuestionario, etc.
- Polo menos unha vez por trimestre o titor recollerá dos seus alumnos/as as súas impresións sobre a marcha do proceso de aprendizaxe, atendendo ás peticións que resulte procedente trasladar a outros profesores/as do grupo.

- O departamento de Orientación colaborará cos titores e o resto do profesorado, baixo a dirección do xefe de estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, co fin de determinar as necesidades educativas que o alumno poida presentar e o tipo de axudas pedagóxicas que pode precisar para mellorar a súa situación educativa.
- Manteranse informadas ás familias do desenvolvemento persoal, social e escolar do alumnado.

#### **Bloque 4: O seguimento do desenvolvemento persoal, social e emocional.**

As actividades que se plantexan neste bloque xustifícanse na necesidade de entender o desenvolvemento emocional do alumnado, como unha ferramenta clave que favorezca o desenvolvemento integral do alumno/a como persoa.

Deste xeito as emocións e as habilidades relacionadas co seu manexo, afectan os procesos de aprendizaxe, a saúde mental e física, así como a calidade das relacións sociais e o rendemento académico.

Por todo isto dende o ámbito da acción tutorial debemos prestarlle especial interese a este aspecto co fin de favorecer que o noso alumnado:

- Sexan emocionalmente sans.
- Teñan unha actitude positiva ante a vida.
- Saiban expresar e regular os seus sentimentos.
- Conecten coas emocións doutras persoas.
- Teñan autonomía e capacidade para tomar decisións adecuadas.
- Poidan superar dificultades e conflitos que, inevitablemente, xurdirán nalgún momento das súas vidas.

Neste bloque traballaranse distintos contidos a través de diversas actividades, dinámicas, visionado de videos, casos prácticos...

O departamento de orientación facilitará material e asesoramento o equipo docente en xeral e os titores/as en particular para traballar os seguintes contidos. As actividades bloque debe desenvolverse o longo de todo o curso.

**CONTIDOS A TRABALLAR:**

- COÑECEMENTO E IDENTIFICACIÓN DAS PROPIAS EMOCIÓNS
- EMPATÍA (RECOÑECEMENTO DAS EMOCIÓNS ALLEAS)
- AUTOCONCEPTO E AUTOESTIMA
- HABILIDADES SOCIAIS
- EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL
- COEDUCACIÓN
- EDUCACIÓN PARA A PAZ E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS (PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR)
- HÁBITOS SAÚDABLES

Estes contidos traballaranse ó longo de curso, atendendo ó cronograma que se expoñerá en epígrafes posteriores.

**Bloque 5: A orientación e apoio do proceso de E-A**

Dende o PAT podemos atender a aqueles aspectos que influen no proceso de E-A do alumnado, deste xeito dende a acción titorial debe prestarse especial interese:

- **Comprensión lectora e hábito lector.**
- **Hábito de estudo e técnicas de traballo intelectual.**

**Traballaranse estas dúas cuestións, a través de:**

- Actividades de lectura en colaboración coa Biblioteca.
- Proposta de lecturas recomendadas para faovrecer o gusto pola lectura.
- Asesoramento por parte do DO en relación a técnicas de comprensión lectora.
- Asesoramento en Técnicas de Traballo Intelectual e Taller de Técnicas de Estudo para o alumando e sesións informativas para as familias.

**Bloque 6: A orientación académica e profesional**

Este bloque constitúese como aquela ferramenta onde se especifican as actuacións que dende o centro se van a desenvolver coa finalidade de facilitar a toma de decisións de cada alumno e alumna ó longo da súa escolaridade respecto ó seu futuro académico e

## PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CPI DE XANCEDA 2018/2019

profesional mediante a elección de distintos camiños e alternativas. O papel do titor/a en colaboración co departamento de orientación, neste senso, consiste en facilitar, na medida do posible, os medios e a axuda necesaria para que os escolares afronten axeitadamente a tarefa de descubrir e elixir as mellores opcións para eles.

Salientar que a posición que se adopta neste plan respecto á orientación vocacional non ten por finalidade a de dirixir o alumnado cara uns camiños específicos, senón que está concibida baixo un carácter marcadamente educativo; como un proceso de desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio suxeito quen tome as súas propias decisións de maneira libre e responsable, tanto no momento actual como ó longo da súa vida.

### **Obxectivos deste bloque:**

- Propiciar e desenvolver no alumnado estratexias que lle permitan a toma de decisións sobre a súa elección académico- profesional de forma realista e planificada, evitando sobre todo os formulamentos sexistas, en base a:
  - Coñecer adecuadamente os seus propios intereses, capacidades e recursos.
  - Coñecer as distintas opcións educativas e laborais e as vías que se abren e pechan con cada opción.
  - Coñecer as esixencias do mundo laboral, a súa relación cos diferentes estudos e sobre os procesos de inserción nos mesmos.
  - Dominar adecuadamente as estratexias e habilidades de decisión (identificación de problemas, clarificación de alternativas, valoración das consecuencias, etc.

### *A través de actividades tales como:*

O Plan recolle unha serie de actuacións dirixidas á consecución dos obxectivos anteriormente indicados, entre elas destacar as seguintes:

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- Elaborar material para entregar ós titores/as en relación ó proceso de Toma de Decisións; este material incluirá información relativa a: autocoñecemento, coñecemento do sistema educativo e do mundo laboral.
- Realizar por parte do alumnado test/cuestionarios que favorezcan e axuden no proceso de Toma de Decisións; naqueles casos máis puntuais pódense empregar probas estandarizadas.
- Diseñar actividades e intervir co alumando de Educación Primaria en relación ó mundo das profesións.
- Informar ó alumnado de 6º de Ed. Primaria da ESO.
- Traballar directamente co alumnado por parte da xefa do DO, xa sexa a nivel individual ou grupal, para desenvolver o correspondente asesoramento en canto a saídas académico-profesionais.
- Dinamizar o emprego de usos TIC , para favorecer a autoorientación do alumnado e serva de apoio ós tiores/as.
- Coordinar actividades complementarias e extraescolares, nas que interveñan axentes externos ó centro, como por exemplo a USC, UDC...co fin de favorecer o proceso de toma de decisións; realizar visitas a centros de FP con este mesmo obxectivo, así como a centros nos que se imparta BACH.
- Realizar sesións de asesoramento ás familias que así o demanden en relación ó futuro académico/profesional dos seus fillos e fillas.
- Aseosar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema formativo.

## 7. FUNCÍONS DO TITOR-A .

Atendendo o **DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, as funcións do titor/a a nivel legal:**

- a) Participar no desenvolvemento do plan da acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais de alumnos ou titores legais ou ordinarios, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar o equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- k) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

m) Colaborar co departamento de orientación do centro nos termos que se establezan.

n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular do centro.

ñ) Orientalas demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informalo alumnado, os pais e nais ou representantes legais e o profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

p) Facilitala cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

r) Cubrilos documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

s) Controlala falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados os pais e nais ou representantes legais e o xefe de estudos que proceda.

t) Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

u) Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos e alumnas mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.

No suposto de existiren ciclos formativos de formación profesional, o titor asumirá tamén, respecto ó módulo de formación en centros de traballo, as seguintes funcións:

a') Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.

b') Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.

c') Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.

d') Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.



e') Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.

f') Tramitar para o seu grupo de alumnos a documentación relativa á formación en centros de traballo.

g') Axuda-lo departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como calendario de intervención.

h') Propoñer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignación económica destinada a estas ensinanzas.

i') Informa-la dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.

j') Redacta-la memoria final de curso, que se incluírá na memoria do centro.

Os xefes de estudos coordinarán e apoiarán o traballo dos titores e manterán as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

O coordinador de formación en centros de traballo, se é o caso, coordinará os titores de ciclos formativos e programas de garantía social naqueles aspectos que lle son propios, para o que manterá as reunións periódicas necesarias con eles.

## **8. ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL**

Este documento recolle a acción tutorial do CPI Xanceda concretándose nas funcións anteriormente citadas e a través das actuacións e coordinacións cos demais axentes educativos:

1- Actuacións para desenvolver co grupo de alumnos/as no horario semanal de titoría no caso de ESO e no caso de EI e Educación Primaria naquelo outros momentos concretados por parte de cada titor/a.

2.- Actuacións para atender individualmente ós alumnos naqueles casos que sexa necesario.

3.- Actuacións para manter unha comunicación fluida coas familias.

3.- Coordinacións co resto de equipo docente, xefatura de estudos e departamento de orientación.

## **8.1 ATENCIÓN INDIVIDUAL E GRUPAL DO ALUMNADO**

A atención grupal co alumnado atenderá ós bloques de contidos que se especificaban no punto seis deste documento.

Non obstante, en momentos puntuais ó longo do proceso educativo poda que sexa necesario unha atención individual ó alumnado por parte do titor/a:

- Para facilitar o seguimento personalizado da evolución académica e persoal dos alumnos os titores poderán manter entrevistas individuais especialmente nos casos de alumnos e alumnas necesitados dunha orientación especial.
- Os alumnos e alumnas que se atopen en situación de risco de non alcanzar os obxectivos da etapa á vista do seu rendemento académico, que poidan atopar problemas de adaptación escolar ó comezo do curso ou que teñan especiais dificultades para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional serán obxecto dunha atención preferente.
- Para a atención e asesoramento individual ó alumnado os titores poderán contar coa colaboración do Departamento de orientación.
- No asesoramento individual seguirase preferentemente un enfoque non directivo, facilitando que sexa o propio alumno quen tome as súas propias decisións e adopte os seus compromisos.

## **8.2 COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE**

A figura do titor/a, como órgano de coordinación docente do profesorado do grupo, ten como misión principal neste ámbito de competencia asegurar que todo o profesorado teña en conta as necesidades específicas do alumnado que compón o grupo.

Para iso, a partir do coñecemento das condicións sociais, educativas e persoais dos alumnos e alumnas, da evolución académica nas distintas áreas e materias, o titor/a en colaboración coa xefatura do departamento de orientación pode propoñer ó profesorado do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atender as necesidades que se plantexen de maneira que os alumnado perciba coherencia na actuación do profesorado e na práctica docente do mesmo.

Esta coordinación pode facerse efectiva a través de reunións, sesións de avaliación, e a través daqueles outros mecanismos acordados por tódalas partes implicadas.

### **8.3 XEFATURA DE ESTUDOS E ACCIÓN TITORIAL**

- Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas sobre o mesmo.
- Convocar e coordinar as reunións de tutores/as coa xefatura do departamento de orientación.
- Asegurar a planificación trimestral das sesións de tutoría nos distintos grupos.
- Supervisar o correcto desenvolvemento do plan previsto mediante o seu seguimento nas reunións de tutores/as.

### **8.4 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL**

- Elaborar o Plan de Acción Tutorial , que deberá aprobar o Claustro, recollendo as as aportacións e directrices da CCP.
- Facilitar os recursos de apoio necesarios para a realización das actividades programadas polos tutores/as
- Participar no seguimento e avaliación do PAT .
- Colaborar cos tutores na elaboración do consello orientador ó termo da Educación Secundaria Obrigatoria
- Colaborar cos tutores na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe dos alumnos e doutros problemas que poden afectar o desenvolvemento do alumno.
- Intervir en sesións grupais de tutoría, previo acordo co titor/a de cada grupo.
- Coordinar a intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro.

### **8.5 COORDINACIÓN COAS FAMILIAS**

- No mes de outubro cada titor/a manterá unha reunión informativa coas familias dos alumnos/as do seu grupo. No mes de maio, coincidindo co período de admisión en centros educativos, desenvolverase unha segunda

## PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CPI DE XANCEDA 2018/2019

reunión informativa conducida pola xefatura do departamento de orientación en colaboración co equipo directivo para informar ás familias da oferta académica do centro educativo e facilitar a toma de decisións do alumnado. Esta sesión informartiva terá como destinatarios as familias do alumnado de 2º, 3º e 4º ESO.

- Os titores/as dispoñerán dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de atender as súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e promover a cooperación dos pais e nais na tarefa educativa que desenvolve o profesorado.
- O titor facilitará, no seu caso, as entrevistas que as familias desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto ós interesados.
- Os titores manterán informados ás familias sobre as situacións de faltas de asistencia e abandono que poidan darse ó longo do curso e buscarán a súa cooperación na adopción de medidas correctoras.
- Tamén manterán unha comunicación fluída coas familias daqueles alumnos/as con poucas posibilidades de superar o curso para informarlles sobre as opcións académicas das que dispoñen.
- A cooperación das familias co centro na tarefa educativa será un obxectivo para promover por todo o profesorado, a través do intercambio de información e da procura de compromisos mutuos.

### 9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A intervención que se diseña par desenvolver dentro do PAT, parte dunha estratexia metodolóxica activa e participativa, implicando tanto a todos os membros da comunidade do centro, como ás distintas institucións do entorno socio-cultural do mesmo, desenvolvendo para tales efectos accións de carácter holístico e global que repercutan en todos os elementos do proceso educativo.

En liñas xerais, podemos sinalar que as **característica** que van definir o PAT do CPI, rexeranse polo seu caracter:

- **Educativo**, xa que se refire ós aspectos ou necesidades de orientación do alumnado directamente relacionados co seu proceso educativo.

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- **Xeneralizado e Global**, tanto pola propia consideración da acción orientadora destinada a todos os alumnos como pola responsabilidade que asigna a toda a comunidade educativa e, particularmente, ó titor/a en particular e o conxunto do profesorado, Departamento de Orientación e Equipo Directivo.
- **Técnico**, pola necesaria intervención neste proceso de profesionais cualificados no terreo psicopedagóxico, socioeducativo, etc.
- **Aberto e Flexible**, ó entender que a mellora vai asociada con frecuencia á organización de novas vías de actuación no ámbito da orientación que deben ser experimentadas.
- **Autonómico**, tanto polo ámbito que abarcan os obxetivos e medidas formuladas, como pola labor de adaptacións dos formulamentos xerais ás características e necesidades propias do noso centro.
- **Gradual**, pola forma de aplicación sucesiva e gradual dos contados recollidos neste plan.

A intervención dentro do PAT será consecuente cos principios relacionados co proceso de E-A destacando, entre outras, a súa:

- **Funcionalidade**, á hora de posibilitar aprendizaxes relacionados coa vida diaria.
- **Significatividade**, que entende partir dos coñecementos previos.
- **Interrelación**, entre o alumnado, o profesorado, axentes externos ó centro etc..
- **Aprender a aprender**, como estratexia facilitadora da autonomía do alumnado como fin último de todo proceso educativo.

Con respecto ás distintas **actividades** a desenvolver, estas estarán insertas, na súa maioría, nas actividades ordinarias da aula, o que non significa que poidan ser realizadas en momentos espaciais distintos, como son o caso dalgunhas actividades fixadas de programas puntuais, tales como Plan Proxecta ou propios programas do centro.

Con referencia ás **Técnicas** que se van a empregar, podemos destacar:

- charlas informativas.
- Conferencias.
- Coloquios.
- Visitas empresas/organismos.
- Role-playing.
- Estudos de casos.
- Traballos en pequenos grupos.
- Uso de fontes documentais (biblioteca, arquivos, etc.).

**PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CPI DE XANCEDA 2018/2019**

- Recursos informáticos e audiovisuais.
- Entrevistas grupais/individuais.

Outro aspecto a ter en conta á hora da intervención, son os **recursos** cos que conta o centro educativo e o seu entorno, na medida de que poden constituírse como limitadores ou potenciadores da mesma. Neste senso, destacar:

**RECURSOS HUMANOS**

- Equipo directivo.
- Profesorado.
- Departamento de Orientación.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Familias
- EOE
- CEFORE
- Servizos Sanitarios.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Concellería Cultura do Concello de Mesía
- Asociacións empresariais da zona.
- CENTROS QUÉROTE +
- ARELA
- AESLEME
- Policía Local
- USC
- UDC
- CIUG

☒ En relación aos **Recursos Materiais:**

- Bibliografía sobre os distintos temas dos programas.
- Programas comercializados de orientación vocacional
- Documentos do centro.
- Lexislación educativa: LOE, LOMCE, Real Decretos de Ensinanzas Mínimas,
- Páxinas web: [www.educaweb.com](http://www.educaweb.com), [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es),  
[www.educaguia.com](http://www.educaguia.com), [www.orientared.es](http://www.orientared.es), [ciug](http://ciug.com), [qedu](http://qedu.com), [brujula educativa](http://brujulaeducativa.com),  
[gestudio.com](http://gestudio.com), [www.copoe.es](http://www.copoe.es), [emprego.xunta.es](http://emprego.xunta.es), [arasaac](http://arasaac.com), [www.creena.es](http://www.creena.es).
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de Identidade de Xénero
- Protocolo xeral para a prevención e o control do Absentismo Escolar.
- Protocolo Xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
- Material elaborado polo propio Departamento de Orientación.
- Blogs Orientación. [MonicadizOrienta](http://MonicadizOrienta.com); [OrientaGalicia](http://OrientaGalicia.com);

☒ En relación aos **Recursos Organizativos:**

- Hora de tutoría grupal co alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e os tempos de tutoría co alumnado de primaria.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), do Claustro, do Consello Escolar, entre tutores e profesores, do Departamento de orientación, cos centros adscritos, etc.
- Reunións do DO.
- Reunións coas Xefaturas de Estudos de Primaria e Secundaria.
- Sesións de avaliacións ordinarias e de avaliación inicial.
- Atención do Departamento de Orientación no centro: ó alumnado, ás familias, axentes externos...

## 10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL.

A avaliación do PAT atopa o seu sentido no feito de que se configura como facilitador de información, tanto das características como das consecuencias que xeneran as intervencións levadas a cabo nas sesións de tutoría. Trátase polo tanto de coñecer e efectividade e validez das accións implementadas, para o cal se avaliarán todos aqueles elementos susceptibles de cambios e melloras cunha proxección de futuro, é dicir, con vistas ao seguinte curso.

Esta avaliación terá un carácter formativo, polo que se contemplan tres momentos de avaliación:

- ❖ **Avaliación Inicial**, caracterizada pola recollida de datos para a detección das necesidades reais do noso centro, e que se realizará a través das suxerencias aportadas nas reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, así como da aplicación de distintos instrumentos (entrevistas, observacións, cuestionarios, etc.)
- ❖ **Avaliación continua ou procesual**, tratándose dun seguimento da implementación do PAT. Para elo, recollerase información procedente das reunións cos titores, das reunións da CCP, as propias do Departamento de Orientación, etc.
- ❖ **Avaliación final ou sumativa**, que se concreta na realización dunha memoria final incluída dentro da memoria final do Departamento de Orientación. Esta memoria, asemade, incluírá: \* *Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento*; \* *Síntese reflexiva sobre os logros conseguidos*; \* *Identificación das dificultades atopadas ó longo de todo o proceso*; \* *Identificación dos factores que influíron en ditas dificultades*; \* *Propostas de mellora para o vindeiro curso académico*.

No referente ós **criterios de Avaliación**, estes rexeranse en base ós seguintes principios: Eficacia: relación entre o previsto e o alcanzado; Eficiencia: relación entre o alcanzado e os medios aplicados; Satisfactoriedade: relación entre o desexable e o existente; Suficiencia: relación entre os obxetivos e as necesidades; Pertinencia: adecuación ás necesidades establecidas; Coherencia: grao de consistencia da proposta; Obxetividade: adecuación a principios científicos; Funcionalidade: capacidade de solución; Actualización: grao de adecuación a situacións reais.

Á hora de avaliar o proceso teranse en conta os **seguintes indicadores**:



1. Coherencia do PAT co P.E. C. .
2. Grao de implicación dos distintos órganos e membros da comunidade educativa:
  - Equipo directivo.
  - C. C. P.
  - Orientador/a
  - Titores /as
  - Profesorado
  - Alumnado.
3. Complementariedade con outros programas do cen tro
4. Grao de aceptación por parte do profesorado, alumnado e familias.
5. Grao de apoio por parte do profesorado, alumnado e familia.
- 6 Adecuación das decisións tomadas referentes á organización e á asignación de recursos.

Finalmente cabe identificar unha serie de **instrumentos de avaliación** que se empregaran para tales efectos: *Observación participante e rexistrada; Entrevistas abertas e semiabertas; Cuestionarios; Análise de documentos; Diario de aula; Reunións; Rexistros de Observación, entre outros.*